

O Rosalía acolle un encontro galaico-portugués de teatro e literatura

[Cultura](#) 18 de Outubro de 2025

Por **editor**

<https://xornaldacoruna.gal/2025/10/18/o-rosalia-acolle-un-encontro-galaico-portugues-de-teatro-e-literatura/>

TEATRO ROSALÍA DE CASTRO A Coruña / 19 de outubro de 2025
X XORNADAS DA SECCIÓN DE LITERATURA DRAMÁTICA

VIII PEZAS DUN TEATRO DO PORVIR 2025: GALIZA + PORTUGAL



DRAMATURXIAS QUE URXEN

10.00 h Apertura da Xornada a cargo de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELO, e representantes das institucións colaboradoras.	12.30 h Intervalo	18.00 h Uzía Algarra. Gracias por su visita.
10.30 h Filipe Amorim. As Maçãs Que Eram Péssegos.	12.45 h Aula maxistral	18.30 h Intervalo
11.00 h Intervalo	DRAMATURXIAS QUE URXEN , a cargo de Fefa Noia.	18.45 h Diana Sieira. A voz interior.
11.15 h Fernando Tato. Rocky e a man mística de protección.	16.30 h Daniel Pereira e Rodrigo da Cunha. Boneca.	19.30 h Inicio do proceso de deliberación sobre o IV Premio do VIII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2025, que se dará a coñecer nos seguintes días.
11.45 h Intervalo	17.00 h Intervalo	
12.00 h Bengala Teatro. Alicia Wants To.	17.15 h Tiago Alves Costa. Não é assim tão alto como dizem.	
	17.45 h Intervalo	

organiza:  **ASOCIACIÓN DE FESTIVIDADES DRAMÁTICAS GALIÇAS** www.aelo.gal

apoia:  **GOBIERNO DE GALIZIA**

colabora:  **DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

colabora:  **CEDRO**

colabora:  **CONCELLO DA CORUÑA**

O domingo 19 de outubro terá lugar a [X Xornada da Sección de Literatura Dramática. VIII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2025. Galiza + Portugal](#), que se vai celebrar no [Teatro Rosalía de Castro](#) da Coruña. Esta actividade, organizada pola AELG, conta coa colaboración do Concello da Coruña, Deputación Provincial da Coruña, CEDRO e o Camões-Centro Cultural Portugués en Vigo. **A entrada é libre e gratuíta.**

Para dar apoio e fomento de novos proxectos escénicos a través dunha convocatoria e mostra dos mesmos, dentro dunha xornada para compartir, analizar e debater, naceu o Festival Pezas dun Teatro do Porvir: Galiza + Portugal. Trátase dun festival único en Galiza para impulsar e analizar pezas que están en proceso de creación e que buscan abrir e compartir ese proceso con outras persoas, cun público, e con especialistas en artes escénicas. Ao mesmo tempo, tamén se procura tender pontes, dentro do Eixo Atlántico peninsular, coa veciña Portugal.

Dentro do programa incluímos unha Masterclass sobre un tema relevante, que neste 2025 vai ser “Dramaturxias que urxen”, impartida por Fefa Noia.